

## ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS. SEMANA DO 18 AO 23 DE MAIO.

Ola rapaces, cada día bótovos máis de menos!

Como saberedes esta situación segue a ternos afastados. Teño que recordaros que debes de respectar a distancia de seguridade, lavar moito as mans...; e dicir, cumpride con tódolos consellos que nos dan as autoridades, **POR VÓS E POLOS DA CASA.**

Esta semana propóñovos os seguintes retos:

- En lingua galega ides ter que ser mulleres/homes do tempo e gravar un vídeo ou un audio coma si estivédes a dar o tempo na televisión ou radio.
- En matemáticas seredes quen de resolver estes retos:
  - O Gordo de la Lotería de fai semanas correspondeu ao número que cumpre todas estas condicións. Averigua cal foi:
    - É maior que 50.000 e menor que 60.000.
    - A cifra dos millares é a mesma que a dos millares do ano no que estamos.
    - A cifra das decenas é a suma da dos millares e das decenas de millar.
    - A cifra das centenas é o dobre que a das unidades de millar.
    - A cifra das unidades é a metade de 8.
  - Un criptograma. Dalle ao coco e resolve e completa a oración:

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z
6				12				17			3		21	26				7	9	14					

E N    \_ I    \_ L A S E    \_ A    \_ U    \_ O S  
 12 21    23 17    2 3 6 7 12    25 6 18    23 14 2 25 26 7

A L U \_ N O S  
 6 3 14 23 21 26 7

As actividades de cada área tédelas na plataforma E-Dixgal, nun novo bloque **que se titula: “Tarefas para a semana do 17 ao 23 de maio”**. Aparecen organizadas por días para axudarvos a distribuír o traballo.

Tamén tedes unha carpeta que se chama 6º sinxelos, por si non sodes capaces de realizar as actividades que vos colguei en E-Dixgal.

O alumno que está exento de galego, ten que lembrar que se non é quen de realizar as actividades propostas, ten un curso en E-Dixgal especificamente creado para el, con actividades para que practique.

Lembrede que en todas as áreas tedes fichas e enlaces a actividades de distinta dificultade.

**Tamén quero que esta semana entredes nas actividades que me enviastes, leades as correccións con detemento e volvades a envialas no caso de que volo solicite.**

APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

**Importante: realizade as actividades das semanas pasadas antes de pasar ás desta.**

**O que non saibades PREGUNTÁDEMO polos foros ou correo.**

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debes de realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu.

Debedes rematar as tarefas das semanas pasadas para pasar despois ás que propono para esta. É MOI IMPORTANTE SEGUIR UNHA LIÑA DE TRABALLO.

Si alguén ten dificultades para realizar as actividades que propono para cada semana lembre que tedes actividades de reforzo na primeira entrega de tarefas. Viravos moi ben aos que non superastes as áreas e para todos supón un bo reforzo .

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembre os meus correos por si queredes poñervos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (por exemplo o vídeo sobre os adverbios, que pode pesar máis): [m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es](mailto:m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es) e [marribeira@gmail.com](mailto:marribeira@gmail.com). E debaixo dos foros hai sempre un documento que explica as actividades de cada semana: *Tarefas*.

**Lémbrovos que o departamento de orientación pon a vosa disposición actividades de reforzo.**

XA FALTA MENOS PARA ESTAR TODOS XUNTOS.